DIANA TOUCEDO

NOTA BIOGRÁFICA

Diana Toucedo (Redondela, 1982) é unha cineasta e montadora galega residente en Barcelona. Estudou o grado de cine na ESCAC (UB) na especialidade de montaxe, e o Máster de teoría cinematográfica contemporánea na Universidade Pompeu Fabra.

Entre as súas case vinte longametraxes montadas ata a fecha, destacan: o documental *La noche que no acaba (All the night long)* do director Isaki Lacuesta, producido pola canle TCM, presentada no Festival Internacional de cine de San Sebastián no 2010 e galardonado en varios festivais; *O quinto evanxeo de Gaspar Hauser* (*The fifth gospel of Kaspar Hauser)* que obtivo o galardón Fipresci 2013 no Festival de Cine de Rotterdam, unha longametraxe de Alberto Gracia e producida por Zeitum Films. Tamén editou *Bugarach,* de Nanouk Films en coproducción con Filmtank (Alemania), WDR, TVE e TV3, premiada en múltiples festivais, e *Belén*, da directora venezolana Adriana Vila, en coprodución con España e co apoio de Ibermedia, estreada no Fid Marseille e premiada en múltiples festivais. Así como varias ficcións: *A morte na Alcarria* de Fernando Pomares, *Sonata para violonchelo* de Anna M. Borafull e *Júlia Ist*, de Elena Martín, producida por Lastor Media e Biznaga de plata no Festival de Málaga 2017. Tamén *A estación violenta*, da nova directora galega Anxos Fazáns. Tamén fixo a montaxe de *Penélope* de Eva Vila, co apoio do Pograma Media, ICEC, TV3 e UPF, e o documental *Young&Beautiful* de Marina Lameiro, premio do público no Punto de Vista 2018.
Tamén editou a curtametraxe *Los desheredados,* dirixida por Laura Ferrés e producida por Inicia Films, que gañou o premio á mellor curtametraxe na Semaine de la Critique de Cannes 2017. No 2018 montou a serie de ficción *Ferro,* dirixida por Jorge Coira, producida por Portocabo e Atlantique Productions para Movistar e Canal Arte, estreada en Seriesmania Francia e dispoñible en Movistar Plus.

Como directora, realizou varias curtametraxes documentais e experimentais mostradas en festivais de cine e centros artísticos. A súa primeira longametraxe, *Trinta Lumes,* tivo a súa estrea mundial no Festival da Berlinale 2018, na segunda sección máis prestixiosa, Panorama. Posteriormente, viaxou a moitos festivais, obtendo numerosos premios e chegando ás salas de cine cun gran número de espectadores. Actualmente traballa no desenvolvemento de *Porto Desexado,* un proxecto que será rodado entre Arxentina e Galicia co apoio da subvención de Talento de AGADIC, ICAA, INCAA e AccióViver de Dones Visuals.

Ademáis, compaxina a súa profesión coa docencia no Posgrao de Montaxe audiovisual BSM/Universidade Pompeu Fabra, no Máster en teoría e práctica de documental creativo na Universidade Autónoma de Barcelona, no Máster de Creatividade e Deseño de ELISAVA, e na ESCAC (UB), onde actualmente é a xefa de departamento da especialidade de Non Ficción/Documental.

dianatoucedo.com